



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE RELATIVO Á UTILIZACIÓN DE DETERMINADAS
INSTALACIÓNS E SERVIZOS DA RESIDENCIA XUVENIL FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS E
PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS ENTRE A XUVENTUDE**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Cecilia Vázquez Suárez, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social

DECLARA

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar coa Deputación Provincial de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o día de remate do curso académico 2016/2017 (xullo 2017), prorrogable para o seguinte curso académico 2017/2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Deputación Provincial de Ourense para a promoción da práctica de actividades deportivas entre a xuventude, acollendo a un máximo de cinco (5) deportistas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Política Social e a Deputación Provincial de Ourense están interesados en establecer a colaboración precisa para a promoción do deporte entre a xuventude, mellorando o apoio ás actividades xuvenís.

A Consellería de Política Social conta cos medios necesarios para dar aloxamento e manutención aos deportistas, entre os que se inclúe a Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas en





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado



Ourense. E a Deputación Provincial de Ourense conta con instalacións deportivas para o seu uso polos mozos e mozas residentes na Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 30 de xullo de 2016.

